

Disposición derradeira primeira. *Título e habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup> e 21.<sup>a</sup> da Constitución e en execución do disposto na disposición derradeira oitava da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de aplicación.*

Os órganos competentes das comunidades autónomas poderán adoptar as resolucións precisas para a aplicación do disposto neste real decreto, en particular aquelas que posibiliten a xestión íntegra dos procedementos previstos nel mediante a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas, de conformidade co previsto na normativa vixente.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de setembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

#### ANEXO



Denominación: Distintivo Público de Confianza en Liña.

Construción gráfica:

Unha figura vertical constituída por catro rectángulos iguais de 45 mm de base por 20,25 mm de altura. As medidas totais exteriores incluídos os catro elementos son 45 mm de base por 81 mm de altura. O segundo recadro contén unha imaxe mixta representativa da expresión abreviada da arroba e o logotipo de Arbitraje de Consumo.

Os rectángulos superior e inferior conteñen os seguintes textos: o superior «CONFIANZA EN LIÑA» e o inferior «PRESTADOR ADHERIDO» ambos os dous en maiúsculas. A expresión «PRESTADOR ADHERIDO» substituirase por «CÓDIGO DE CONDUCTA» cando o logotipo sexa utilizado pola entidade promotora do código. O terceiro recadro é un espazo en branco para situar distintos logotipos.

Tipografía: helvética, na súa versión normal cun corpo de letra 22, interlineado sólido e escala horizontal 100.

Cores: laranxa e negro. O primeiro composto por: maxenta 42%, amarelo 76% e o segundo, negro base. O logotipo arriba descrito figura calado en branco sobre o fondo laranxa.

Todas as liñas que forman o conxunto son en cor negra de 0,5 puntos.

## XEFATURA DO ESTADO

**16825** LEI ORGÁNICA 4/2005, do 10 de outubro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, en materia de delitos de risco provocados por explosivos. («BOE» 243, do 11-10-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno elaborou un conxunto de medidas antiterroristas para impulsar a loita contra as bandas armadas tanto orixinarias do noso país como aquelas outras organizacións criminais de ámbito internacional. Fronte á ameaza terrorista faise preciso introducir melloras no ordenamento sancionador coas cales o noso Estado social e democrático de dereito poida responder a esta ameaza de forma garantista, lexítima e eficaz.

Para tal efecto, a actual reforma trata de reforzar a intervención sancionadora nun ámbito susceptible de mellorar, como é o da utilización de substancias explosivas que poidan causar estragos, co obxectivo de elevar o reproche penal do tráfico indebido e o incumprimento dos deberes relativos á seguridade colectiva na tenza de tan perigosas substancias.

Esta reforma adopta como ineludible punto de partida a necesidade de tutelar a vida e a integridade física das persoas, que encontran o seu referente constitucional nos dereitos fundamentais do artigo 15 da Constitución española, fronte a calquera atentado contra a seguridade colectiva, entre outros bens xurídicos.

Ao dotar o ordenamento xurídico de novas medidas para intensificar o control e a seguridade dos explosivos que poden causar estragos preténdese evitar que esas bandas armadas se poidan apoderar deles de forma ilícita e poidan, así, cometer gravísimos atentados contra a vida e a integridade física das persoas. A potestade sancionadora administrativa revélase como insuficiente para atallar a conduta dos que, estando obrigados a iso, non observan as medidas de vixilancia e control dos explosivos. É evidente que as normas penais vixentes non permi-

ten sancionar estas condutas, que poden coadjuvar en ocasións a que os terroristas poidan dispor dos explosivos con que cometen os seus actos criminais.

En consecuencia, as melloras da lexislación penal que agora se introducen xustificáanse na protección de bens como a vida e a integridade física e, en última instancia, na protección da seguridade colectiva fronte a infraccións de extremada gravidade realizadas empregando instrumentos explosivos.

Introdúcense, por conseguinte, tres novos puntos, numerados como 2, 3 e 4, no artigo 348 do Código penal, cos cales se trata de endurecer a resposta sancionadora fronte a condutas ilícitas dos responsables da vixilancia, o control e a utilización de explosivos.

En primeiro lugar, trátase agora de incriminar expresamente a conduta dos suxeitos obrigados legal ou contractualmente á vixilancia, á custodia e ao consumo de substancias explosivas que poidan causar estragos que contraveñan a normativa de explosivos, basicamente o Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, e as disposicións xerais que o desenvolven. Requirase, en todo caso, que este incumprimento facilitase a efectiva perda ou subtracción dos explosivos, o que permite diferenciar esta conduta penalmente relevante do correspondente ilícito administrativo, que quedará restrinxido aos casos non comprendidos na descrición típica, entre outros, a vulneración imprudente do deber de vixilancia ou a vulneración dolosa ou imprudente da vixilancia de artefactos pirotécnicos e cartucharía en xeral.

En segundo lugar, castíganse determinadas infraccións que, na práctica, impiden constatamente un control eficaz dos explosivos, como son as obstaculizacións á actividade inspectora da Administración, a falsidade ou ocultación de información relevante no ámbito de medidas de seguridade e a desobediencia expresa ás ordes da Administración que obrighen a emendar importantes defectos denunciados en materia de seguridade.

Por outra parte, auméntanse as penas previstas no número 1 do artigo 348 do Código penal, para equiparar as consecuencias xurídicas deste delito a aquelas coas que se cominan os ilícitos do novo número 2 do mesmo artigo. Deste modo, as condutas referidas en ambos os puntos castíganse con idéntica pena conxunta de prisión, multa e inhabilitación especial, penas que se imporán na súa metade superior cando as condutas as cometan persoas que teñan responsabilidade sobre as empresas ou sociedades que manexan e utilizan explosivos. Neste último caso, inclúese, como eficaz previsión, a posibilidade de impor algunha das consecuencias accesorias do artigo 129 do Código penal.

Pola súa parte, os delitos do novo número 4 serán castigados con pena de prisión de seis meses a un ano, así como con multa e inhabilitación especial de duración inferior ás previstas nos números 1 e 2.

Lóxica consecuencia das anteriores reformas é, por último, a modificación da rúbrica da sección 3.<sup>a</sup> do capítulo I do título XVII do libro II, que agora pasa a denominarse «Doutros delitos de risco provocados por explosivos e outros axentes», co que se trata de destacar que na ratio legis ou finalidade obxectiva que informa a interpretación destes preceptos cobra relevancia a idea da perigosidade das substancias explosivas que poidan causar estragos, por canto poden perturbar gravemente a seguridade colectiva e pór en risco bens xurídicos individuais tan esenciais para a convivencia na nosa sociedade democrática como son a vida ou a integridade física.

#### **Artigo único.** *Modificación do Código penal.*

A Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase a rúbrica da sección 3.<sup>a</sup> do capítulo I do título XVII do libro II, que terá a seguinte redacción:

#### **«DOUTROS DELITOS DE RISCO PROVOCADOS POR EXPLOSIVOS E OUTROS AXENTES»**

Dous. O artigo 348 terá a seguinte redacción:

«Artigo 348.

1. Os que na fabricación, manipulación, transporte, tenza ou comercialización de explosivos, substancias inflamables ou corrosivas, tóxicas e asfixiantes, ou calquera outra materia, aparello ou artificio que poidan causar estragos, contraviñesen as normas de seguridade establecidas, pondo en concreto perigo a vida, a integridade física ou a saúde das persoas, ou o ambiente, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a tres anos, multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión ou oficio por tempo de seis a doce anos.

2. Os responsables da vixilancia, control e utilización de explosivos que poidan causar estragos que, contravindo a normativa en materia de explosivos, facilitasen a súa efectiva perda ou subtracción serán castigados coas penas de prisión de seis meses a tres anos, multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión ou oficio de seis a doce anos.

3. As penas establecidas nos puntos anteriores imporanse na súa metade superior cando se trate dos directores, administradores ou encargados da sociedade, empresa, organización ou explotación. Nestes supostos a autoridade xudicial poderá decretar, ademais, algunha ou algunhas das medidas previstas no artigo 129 deste código.

4. Serán castigados coas penas de prisión de seis meses a un ano, multa de seis a doce meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión ou oficio por tempo de tres a seis anos os responsables das fábricas, talleres, medios de transporte, depósitos e demais establecementos relativos a explosivos que poidan causar estragos, cando incorran nalgunha ou algunhas das seguintes condutas:

a) Obstaculizar a actividade inspectora da Administración en materia de seguridade de explosivos.

b) Falsear ou ocultar á Administración información relevante sobre o cumprimento das medidas de seguridade obrigatorias relativas a explosivos.

c) Desobedecer as ordes expresas da Administración encamiñadas a emendar as anomalías graves detectadas en materia de seguridade de explosivos.»

#### **Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 10 de outubro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO